

PROPIEDADES TEXTUAIS: EXERCICIOS

1. ADECUACIÓN:

a) Indica por que cres que estas situacións comunicativas non son adecuadas. Relaciona cada razón que aparece a continuación coa situación comunicativa que corresponda.

Razóns

- O contido da mensaxe non é adecuado para o receptor ou receptores.
- Non existe unha relación de confianza entre o emisor e o receptor.
- Estase utilizando unha palabra “comodín” para referirse a un termo técnico.
- Estase usando unha linguaxe informal nunha situación comunicativa formal.
- O emisor está fallando na intención da súa mensaxe.

Situacións comunicativas:

- Ir a unha entrevista de traballo e tratar o noso entrevistador ou entrevistadora de “ti”.
- Empregar nun exame expresións coloquiais.
- Expresar opinións persoais nunha noticia.
- Ler nunha clase de 1º de Primaria poemas metafísicos de Quevedo.
- Utilizar nun libro de lingua a seguinte definición de suxeito: “O suxeito é algo que concorda co verbo en xénero e número”.

2. COHERENCIA

b) Observa a ilustración e indica se existe coherencia na conversa.



3. COHESIÓN

c) Substitúe nos seguintes enunciados o termo que aparece repetido polo mecanismo cohesivo que está recollido entre parénteses.

- Miña irmá iniciou os seus estudos na Universidade. Miña irmá vai estudar Medicina (ELIPSE).
- Regalámoslle un ramo de rosas polo seu aniversario. Encántanlle as rosas (HIPERÓNIMO).
- Recíbiume amablemente, tratoume amablemente e ofreceume unha comida exquisita (SINÓNIMO).
- Foron tres os concursantes que pasaron á final, pero só un dos tres concursantes conseguiu o premio que todos desexaban (PRONOME).
- Quedou na praia coas súas amigas e na praia coñeceu o rapaz co que acabaría saíndo pouco despois (ADVERBIO).
- Cando estiveron en Londres aloxáronse nun establecemento de cinco estrelas. O establecemento estaba moi cerca dos principais lugares turísticos de Londres (HIPÓNIMO e HIPERÓNIMO).

d) Sinala se nos seguintes textos os conectores están ben utilizados. No caso de que non o estean, substitúeos polo conector adecuado facendo as transformacións que creas necesarias.

- Nós quedaremos esquiando mentres vós subides ao monte. Así todos estaremos contentos.
- Estudou moito para o exame; non obstante, obtivo uns bos resultados.
- Grazas ao seu adestrador, o equipo logrou subir a primeira división; en cambio, os afeccionados están moi contentos.
- O seu comportamento non foi o adecuado durante os últimos días. Por este motivo, o titor decidiu falar cos seus pais.
- Son varias as razóns que explican o seu cambio brusco de actitude: en primeiro lugar, tivo problemas no traballo; e, noutras palabras, sufriu un forte revés sentimental.